

Chocas e campaiñas en Medos Romero

VICENTE ARAGUAS • MADRID

Porque hai, porque segue habendo, unha poesía galega que afonda nas raígas, que anda a se nutrir da terra entre tanta exquisitez vangardista ou simplemente moderna, cómpre ter en consideración autoras a tal Medos Romero e, por exemplo, o seu último libro 'Lenzo das madrugadas' (Libros da Frouma, Santiago de Compostela, 2003). Un volume que –igual estou nun erro– está pasando desapercibido.

O que non sería nada xusto porque é un libro moi potente, moi ben meditado –e medido– cun caudal léxico, e conceptual, óptimo. Trátase dun libro na liña de Uxío Novoneyra, xa saíu o nome porque tiña que saír, con poemas de pequeno formato, cun sentido amieleño (de Amiel) da paisaxe, no que o ser humano é cousa cativa impregnada das esencias naturais, e no que nomes e topónimos son asuntos para ser degustados con sensualidade a ton co espírito dos versos. Trátase dunha poesía enxebre, no senso máis nobre da palabra, que reivindica o cerne iniciático, parcial e partidario con grande economía expresiva como a que ten a neve que por aquí aparece para remarcar aínda máis as soidades.

Porque a poesía de Medos Romero, malia a presenza humana ou animal, e de espacios solitarios nos que se pode sentir o baldeiro con teimosía e elevación mística, e non porque neste libro haxa inquiredanzas explícitas relixiosas. Pero como se as houberse. E no sentimento de brancuras que inspira xorden presencias infinidas.

Poeta de verdade, Medos Romero anda a deseñar un universo autóctono onde a riqueza léxica é moito máis que unha cuestión erudita ou simple abuso ou ostentación de quen nacera no ámbito idiomático que emprega. Hai riqueza, si, pero de quen sabe empregala con razón. 'Lenzo das madrugadas' é un libro que voa, penso. Non o deixen marchar.